



Sobre a **renda da unidade familiar**:

1. Na solicitude de admisión os representantes legais do alumno **autorizarán expresamente** a utilización da información de carácter tributario que se precisa para a acreditación da **renda anual da unidade familiar**, que será subministrada directamente á Consellería de Educación pola Axencia Estatal de Administración Tributaria. Tanto que se opte por unha tributación conxunta, como individual, a **autorización concederase por ambos os dous cónxuxes** e deben figurar todos os declarantes da unidade familiar. De non ser o caso, deberáse entregar coa copia das solicitudes de admisión **unha copia da documentación acreditativa oportuna pola que asine un só cónxuxe**.

2. A dita información será a que corresponda ao **exercicio fiscal anterior** en dous anos ao ano natural no que se presenta a solicitude (**2010**)

3. Os interesados e interesadas en que sexa valorada a renda da unidade familiar, deberán facer constar a **cantidade resultante da suma dos recadros 455 e 465 da declaración da renda do ano 2010** de cada un dos declarantes da unidade familiar.

4. O indicador público de renda de efectos múltiples (**IPREM**) do ano 2010 foi **6390,13 € anuais, con exclusión das pagas extraordinarias** (Lei 26/2009 do 23 de decembro de Presupostos Xerais do Estado para 2010, BOE do 24 de decembro).

Por tanto, no apartado 10 do baremo referido á Renda anual da unidade familiar, as puntuacións serán as seguintes:

- A.- Iguais ou inferiores a 6.390,13 € 3 puntos
- B.- Superiores a 6.390,13€ e inferiores ao duplo: 12.780,26€ 2 puntos
- C.- Superiores a 12.653,72 € e inferiores ao triplo: 18.980,58 € 1 punto
- D.- Iguais ou superiores ao triplo: 19.170,39 € 0 puntos